

Circular 1 de xuño de 2026- Triatlón e Muller

Convocatoria
Encontro de Menores
VII Edición do Programa Amazonas- V Quedada
IV Encontro de Promoción Triatlón en Idade Escolar
Cabanas (A Coruña)

Obxectivo: Promoción do triatlón

Data: 16 de xullo de 2026.

Nº Prazas: 16

Dirixido a:

- Nenas e nenos das categorías alevín, infantil, cadete e xuvenil (nadas entre os anos 2009 e 2016, ambas inclusive): **non federados/as**.
- Deportistas **federados/as**
- Adestradoras con licenza FEGATRI.
- Lugar de Celebración: Estrada da praia, despois da rotonda, antes do piñeiral e fronte ao aparcadoiro.



Inscripción e procedemento: A inscrición será GRATUÍTA.

Prazo de inscrición: ata luns 13 de xullo ás 12:00 horas.

Pódense comunicar as baixas ata o peche de inscricións enviando un email a fegatri@hotmail.com. Se unha deportista non se da de baixa a tempo, e non acude ao encontro sen causa xustificada, non poderá inscribirse no seguinte encontro.

A listaxe definitiva de inscritas para ambos encontros publicarase na páxina web da FEGATRI (www.fegatri.org) o mércores anterior ao encontro (15 de xullo de 2026).

Procedemento de inscrición:

Participantes:

- **Federadas:** Formalizarase a través da páxina web: www.fegatri.org , dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.
- **Non federadas:** mesmo procedemento e a maiores deberán subir documento de protección de datos e DNI.
- **ADESTRADORAS CON LICENCIA FEGATRI:** Formalizarase a través da páxina web: www.fegatri.org, dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

Outra información: O encontro comezará ás 10.00 horas e finalizará ás 12:00 horas aproximadamente.

Os nenos e nenas deberán traer zapatillas de correr adecuadas para o terreo e roupa técnica xunto con roupa de baño, gorro e gafas. O neopreno non é obrigatorio pero sí é recomendable. Tamén poden traer aletas se dispoñen delas.

Para calquera dúbida ou consulta relacionada coa propia inscrición ao encontro, podes contactar coa Federación: fegatri@hotmail.com. Tif.982251345

Para calquera dúbida ou consulta sobre a actividade, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico: lidersas-amazonas@fegatri.org

RESPONSABLE TÉCNICA DO ENCONTRO.

- Irene Mera González (Adestradora Responsable do Programa Amazonas da Federación Española de Triatlón).